

Unha cuestión de xeografía: As novas facianas de Galicia

Desde o meu nacemento, alá nos inicios dos anos 1960, até a actualidade o noso país ten mudado como nunca o fixera ao longo da súa historia. De feito, eu creime nun concello rural de Lugo, onde as actividades agrarias, os campos moi densificados e as familias amplas, definían moitos trazos do que me rodeaba, e agora tópome nunha periferia urbana de vivendas unifamiliares, conectada por autovía coa cidade onde traballo, nun mundo de crecemento hexemonicamente urbano e polarizado. E o meu non é un caso único, infinidade de galegos protagonizaron dun xeito ou doutro o éxodo rural, deixaron o traballo do campo para converterse en asalariados doutros sectores produtivos e pasaron a vivir en pisos, apartamentos, adosados ou pareados. Todo isto é demostrable sen dificultade consultado series estatísticas oficiais de doada localización. De feito, a peripecia vital de moitos de nós xerou unha nova Xeografía de Galicia, distinta á elaborada por R. Otero Pedrayo ou A. Fraguas, porque queiramos ou non os espazos e os territorios mudan, ao mesmo tempo que a nosa vida evoluciona.

Entón cómpre preguntarse, como cambiou todo? Para explicalo, imos recorrer a seis indicadores simples que poden resumir a importancia das transformacións acontecidas. En primeiro termo, Galicia deixou de ser atrasada, labrega e mariñeira para converterse nun espazo complexo, urbanizado, cunha economía diversificada, rica, como a maioría do noso entorno europeo. Toda esta mudanza, e sería a segunda consideración, prodúcese nun marco de integración crecente da realidade no denominado proceso de globalización, de interdependencia económica e cultural entre as distintas partes do mundo. En terceira instancia, Galicia que era un espazo de forte identidade, pero sen recoñecemento xurídico-administrativo, pasou a converterse en Comunidade Autónoma, en territorio, con todo o que iso implica. De feito, e estamos na cuarta reflexión, a importancia da imaxe exterior do noso país non deixou de incrementarse. Cómpre saír nos mapas e presentarse do xeito máis atractivo que sexa posible. Un quinto apuntamento do cambio refírese ás persoas, xa que os galegos tamén mudaron radicalmente na súa composición e estrutura demográfica. Por último, a faciana do territorio, a paisaxe, tamén se viu sometida a cambios en profundidade, a dinámicas de degradación (as máis das veces) ou embelecemento dos que resulta necesario levantar acta.

A globalización supón unha dinámica de marcada integración das economías a escala planetaria. As crises ou os ciclos de crecemento produtivo son globais, e non poden ser corrixidos desde localidades ou nacións concretas. Isto débese a que as finanzas mundiais están completamente interrelacionadas, grazas ás indubidables

melloras na transmisión de información a longa distancia, ao protagonismo acadado por un grupo reducido de moedas patrón e á hexemonía absoluta das empresas multinacionais nestes comezos do século XXI. Os mercados de valores abren en Toquio e Hong Kong, seguen por Europa e rematan case 24 horas despois en América, nun proceso continuo de funcionamento. Ademais, a globalización tradúcese na unificación de pautas de comportamento, na emerxencia de iconas culturais ou deportivas recoñecidas en todos os continentes, e na transmisión case instantánea das novas de actualidade. Deste contexto, Galicia non escapa; xa somos parte dun todo contemporáneo máis ou menos integrado que, paradoxalmente, tamén reforzou a súa valoración sobre o único, o irrepetible, o obtido do propio territorio, en definitiva, o identitario como antídoto contra a banalización cultural e dos espazos.

Aínda que Galicia se mostrou teimuda en manter signos diferenciais propios como a lingua, a cultura e un certo modelo de ocupación do territorio, desde practicamente os finais da Idade Media o país a penas tivo un recoñecemento simbólico, como antigo reino, xa provincializado. Como é sabido, na breve II República todo isto tratouse de corrixir coa aprobación dun Estatuto de Autonomía. Pero o territorio galego, como demarcación con valor oficial, non se definiu ate os anos 1978-81 cando comezou a funcionar a Comunidade Autónoma. Ser un territorio de seu implica posuír un executivo e un lexislativo, unha capital, uns límites e unhas competencias de goberno; dito doutro xeito, dispor dunhas elites propias que exercen poder respecto de instancias exteriores. O resultado do proceso é claro: mudanzas na xestión do sistema educativo, sanitario, de servizos sociais, etc.; proliferación de signos e imaxes do propio país; órganos de expresión públicos de nova orixe, etc. Fronte a un mundo de Estados-nación protagonistas, evolucionouse cara a unhas escalas de poder de xeometría variable, con pequenos países integrados en realidades máis amplas, coa presenza da escala de decisión europea antes inexistente, e co desenvolvemento de fluxos relacionais entre moi diversas instancias de goberno do territorio.

Unha das consecuencias de posuír un poder autónomo propio é a capacidade de proxeccionar ao exterior múltiples imaxes e referencias positivas sobre o mesmo. Un feito indubidablemente relevante nun mundo como o actual, onde a realidade virtual, expresada en iconas, en encadres previamente preparados, é tan importante. Por iso, unha das misións fundamentais de calquera goberno consiste en promover o seu, o país, os seus valores e paisaxes, sexa tanto para atraer máis visitantes como para xerar autoestima na propia poboación ou para seducir investimentos externos. Así, unha expresión copiada da orixinaria de Barcelona, “Galicia, ponte guapa”, non

é desbotable dunha explicación sobre a nova realidade do país. Galicia posúe unha organización, unha distribución do efectivo humano e uns trazos diferenciais indiscutibles, que agora poden ordenarse e ser emitidos cara fóra de xeito sedutor, referíndose a *destino atlántico*, *poema visual*, paraíso do románico e das tradicións, ou presentándoa como potencia gastronómica. O territorio é empaquetado, codificado mediante imaxes, e convertido nun mecanismo de atracción para os foráneos, que nos deben coñecer e apostar por nós nun mundo, xa o dixemos, crecentemente interrelacionado e intercomunicado.

Pero o noso país tamén rexistrou outra mudanza substancial, que se refire a súa poboación. Os galegos, como reza a cabeceira deste medio, do presente non son os mesmos que os de hai varios decenios. Polo pronto, hai galegos no propio territorio e as mellores nas comunicacións permitiron estender a idea de galeguidade. Galego é o nado na nosa terra ou aqueles descendentes do exterior que o desexan ser. De feito, no mundo actual é bastante frecuente

a dobre identidade, como a dos inmigrantes que xa están entre nós e que progresivamente se van facendo galegos (se eles se resisten é probable que os seus fillos os poñan no seu sitio). Os galegos, cousas dos avances médicos, xa somos moito máis vellos, maioritariamente urbanos (tanto de vilas como de cidades ou espazos periféricos das mesmas), distribuídos en fogares de estrutura moi diversa e pouco natalistas (unha sociedade católica que aplica unha forte planificación familiar, como ocorre en case todo o Sur de Europa). Ademais, os galegos podemos considerarnos competitivos en canto a formación académica e cualificación profesional, temos máis rexistros lingüísticos que os nosos veciños e mantemos un nivel aceptable de inserción feminina na vida activa, incluíndo a representación política. En definitiva, uns trazos ben distintos do galego labrego, rural, obsesionado pola autosubsistencia, pobre e con moitos familiares próximos que tiveron que emigrar de mediados do século XX.

Como se pode deducir, se os galegos mudamos moito nos nosos trazos de identificación, é lóxico que a paisaxe característica do país tamén se transformara. Os cambios rexistrados na mesma teñen moito que ver co proceso de urbanización: levantáronse moitas máis casas e conxuntos residenciais; fixéronse numerosas rúas, estradas e beirarrúas; proliferaron as instalacións empresariais, ampliáronse camiños, paseos ao borde do mar e dos ríos, entre outros feitos. No espazo rural, as pegadas do abandono e do produtivismo capitalista agrario reflíctense, dunha banda, no importante avance dos campos descoidados e das superficies forestais e, doutra, na conformación de áreas de paisaxes simplificadas pola expansión ben dos

pasteiros e dos cultivos forraxeiros, ben da vide, ou doutras dedicacións polas que opta unha determinada comarca. Quizais nun dos aspectos onde a mudanza paisaxística se fixo máis evidente é na edificación de vivendas de todo tipo, xeralmente con máis alturas do razoable e con trazos estéticos cando menos discutibles. Así, expresións como *feísmo* difundíronse para explicar a degradación da paisaxe en bastantes lugares. Outro aspecto da degradación consiste na banalización das formas (tanto de tipoloxías arquitectónicas repetidas até a saciedade como de espazos agrarios tendentes á monotónía perceptiva), o que contrasta con algúns tratamentos de rehabilitación, de posta en valor, de antigos centros urbanos ou núcleos rurais, que aportan certos casos contados positivos, optimistas, da evolución da paisaxe característica da nosa terra.

Para rematar, dicir que a Xeografía do país continuará mudando, mesmo a un ritmo superior ao actual. Neste senso, a mellora dalgunhas conexións terrestres rápidas desde o exterior, como a Transcantábrica ou o agardado AVE, deben achegar Galicia aos restantes territorios peninsulares,

facilitar a dinámica de compresión espazo-temporal representativa do período actual de globalización. Este achegamento físico, de seguro, non incidirá demasiado nas relacións entre a Comunidade Autónoma e a administración central do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia de comezos dos 1980 quedouse vello, cómpre reformalo e adialo. No marco desta reforma definiranse as claves dunha nova relación interterritorial, definida pola proximidade e a interrelación entre os centros de poder, pero tamén polo reforzamento do propio, do identitario, do único e irrepeti-

ble. Nos próximos tempos, outra dinámica previsible é a que nos apunta á profundización das mudanzas demográficas. Cada vez seremos máis vellos, teremos unha maior presenza entre nós de persoas chegadas de fóra (e dos seus fillos), mentres que os comportamentos escasamente natalistas se manterán en parámetros similares. A conexión cos focos históricos da emigración irá debilitándose, en tanto se afirmarán novos colectivos de galegos residentes no exterior (menos agrupados, compostos por traballadores especializados ou investigadores mozos, entre outros). Finalmente, os tempos vindeiros serán decisivos para emprender unha loita tendente a recuperar a calidade paisaxística. Haberá que revertir o proceso de crecemento urbano indiscriminado, de banalización estética das áreas rurais, para introducir modelos de rehabilitación integral do entorno, de recuperación da súa calidade estética asociada a boas condicións de vida e a unha reafirmación do sentido do lugar. **G**



Rubén C. Lois González é director xeral de Turismo da Xunta de Galicia.